



Teaching Guide

Teaching Guide				
Identifying Data				2021/22
Subject (*)	Iniciación á investigación educativa		Code	652606E32
Study programme	5 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Formación e Orientación Laboral			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Official Master's Degree	Yearly	First	Obligatory	2
Language	Galician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinador	Pérez Crego, María Cristina	E-mail	cristina.pcrego@udc.es	
Lecturers	Pérez Crego, María Cristina	E-mail	cristina.pcrego@udc.es	
Web				
General description	Neste curso pretendemos que o estudante do máster se familiarice cos diferentes tipos de investigacións no ámbito educativo; que coñeza, comprenda e valore as características da metodoloxía científica e, ademáis, comprenda os procedementos para a realización de investigacións en educación.			
Contingency plan	1. Modifications to the contents 2. Methodologies *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified 3. Mechanisms for personalized attention to students 4. Modifications in the evaluation *Evaluation observations: 5. Modifications to the bibliography or webgraphy			

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A19	(CE-E5)Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
A24	(CE-E10)Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A28	(CE-E14)Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación. .
A33	(CE-P4) Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Os estudantes serán capaces de recoñecer a estrutura dos diferentes traballos de investigación	AJ19 AJ24		CC6 CC8
Os estudantes serán capaces de identificar e comprender as diferentes fases e actividades que require a actividade investigadora	AJ19 AJ24 AJ28		CC4 CC6 CC8
Os estudantes serán capaces de realizar propostas e deseños metodolóxicos acordos coa temática concreta que queiran investigar	AJ28 AJ33		CC3 CC6 CC8
Os estudantes serán competentes para deseñar e desenvolver un proxecto de investigación	AJ24 AJ28 AJ33		CC1 CC3 CC5

Contents	
Topic	Sub-topic
Tema 1. A investigación avaliativa: O problema de investigación	1.1. Formulación do problema 1.2. As hipóteses de traballo e os obxectivos
Tema 2. Metodoloxías e técnicas da investigación educativa	2.1. A metodoloxía cuantitativa 2.2. A metodoloxía cualitativa 2.3. Técnicas de recollida de información
Tema 3. Deseños de proxectos de investigación educativa	3.1. Elaboración dun proxecto de investigación

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A19 A24 C6 C8	5	0	5
Objective test	A19 A24 A28 C1 C8	1	10	11
Supervised projects	A28 A33 C3 C4 C5 C8	6	18	24
Oral presentation	A28 C1 C3	2	6	8
Personalized attention		2	0	2
(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.				

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	Exposición oral por parte da docente na que se traballarán os contidos que conforman o marco teórico, complementada co uso de presentacións e medios audiovisuais, así como da introducción de cuestións dirixidas ao alumnado en forma de actividades de aula, coa fin de que a aprendizaxe teña un carácter máis dinámico e permita a participación do alumnado. A estrutura das sesións maxistrais rexirase pola orde establecida nos contidos de aprendizaxe, introducindo teóricamente cada un dos temas e subtemas; ofrecerase ao alumnado bibliografía e documentación adicional para aprofundar no tema; e o traballo teórico complementarase en cada sesión coas actividades que se levarán a cabo correspondentes ás fases do proceso de investigación.
Objective test	Proba de avaliación de coñecemento con preguntas de tipo obxectivo (selección múltiple, de resposta múltiple, discriminación, completar e/ou asociación).



Supervised projects	Elaborarase un proxecto de investigación sobre unha temática suxerida polos/as estudantes e que estea no marco da titulación que están a cursar. Cada una das partes do traballo a realizar será abordada teóricamente nas sesións expositivas previamente a fin de que o traballo sirva para reforzar os contidos teóricos, e os contidos teóricos sexan un apoio para a elaboración do traballo práctico por parte do/da estudante. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Oral presentation	Exposición verbal a través da que o alumnado (en grupos de 4-6 persoas) e el docente interactúan dun modo ordenado onde, nun primeiro momento, o grupo expón dun xeito orixinal e innovador a súa proposta de investigación e, en segundo lugar, a docente poderá propoñer cuestións, solicitar aclaracións de aspectos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Supervised projects	Para desenvolver a proposta de proxecto de investigación que se plantexa como actividade central na asignatura, os estudantes contarán co apoio do docente. Para isto, se realizarán tutorías tanto presenciais como virtuais e poderán plantexarse as dúbidas de forma individual ou grupal. Pero ademáis, durante o desenvolvemento das actividades prácticas, os grupos disporán de 1.30 h. de atención personalizada na aula, entendida como atención, supervisión e seguimento dos grupos de traballo, para resolver as dúbidas que poidan xurdir durante o desenvolvemento do proxecto. Isto supón que o alumnado debe participar nas sesións prácticas de xeito activo.

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Supervised projects	A28 A33 C3 C4 C5 C8	Ao longo das sesións iránse desenvolvendo de forma teórica e práctica os diferentes apartados dun proxecto investigador centrado nunha temática relacionada cos contidos do módulo. O alumnado deberá desenvolver eses contidos de forma escrita, xustificando cada decisión tomada. Realizarase de forma grupal e será entregado na data indicada pola docente o primeiro día de clase.	50
Objective test	A19 A24 A28 C1 C8	Proba escrita na que se valorará a adquisición dos coñecementos teórico e prácticos da asignatura por medio dunha proba que incorporará todos os contidos abordados na materia. Os tipos de preguntas poderán ser de verdadeiro/falso (V/F), resposta múltiple e/ou resposta curta.	30
Oral presentation	A28 C1 C3	O proxecto investigador proposto será presentado de forma oral, e valorarase seguindo criterios relacionados coa calidade e a claridade na exposición, a capacidade de axustarse aos tempos esixidos e o emprego de recursos innovadores.	20

Assessment comments



Primería oportunidade:

A asistencia a clase é obrigatoria. Tendo en conta a posible existencia de alumnado que, polas súas circunstancias particulares non cumpla co requisito de asistencia, terase en conta diversas modalidades de avaliación segundo o réxime de adicación do alumnado:

(a) Alumnado asistente: o que cumpra co requisito de asistencia dun 80% (sesións teóricas e prácticas). Será avaliado seguindo os criterios propostos para a "Avaliación" da materia, sendo necesario que realice o traballo tutelado (50%), a presentación oral (20%) e a proba mixta (30%). Debe acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación final será de 4 puntos.

(b) Alumnado con recoñecemento de adicación a tempo parcial:

atendendo á norma que regula o réximen de adicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña (aprobada en Consello de Goberno o 28 de xuño de 2016), nos seus artigos 4, 5 e 6, será necesario que este alumnado solicite a dispensa e a entregue ao docente. O alumnado que se adhira a esta modalidade terá que presentar a proposta de proxecto investigador que será valorada cun 50% da calificación final da materia (o prazo máximo de entrega será o mesmo que para os seus compañeiros/as asistentes) e terá que realizar o exame da proba obxectiva, cuxa calificación será o 50% da nota final. Debe acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación final será de 4 puntos.

(c) Alumnado non asistente: aquel que non cumpre co requisito de asistencia mínimo do 80%. Será avaliado únicamente a través dunha proba mixta, se bien esta proba conterá dúas partes, unha delas (50%) referida a preguntas sobre os contidos prácticos da materia e a outra (50%) na que se avalíen os contidos teóricos. Debe acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación final será de 4 puntos. Os traballos serán entregados fundamentalmente en formato dixital, e nos casos que a entrega sexa en papel este deberá ser reciclado, evitándose o uso de plásticos. Ademáis se esixirá a utilización dunha linguaxe non sexista e non discriminatorio. No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 14. 4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento". Segunda oportunidade:



O alumando fará unha única proba na data do exame oficial. Para superar a materia necesitará obter polo menos 5 puntos sobre os 10 posibles.



Sources of information

Basic	- Sánchez Huete, J.C. (2013). Métodos de investigación educativa. Sevilla: Punto Rojo Libros, S.L. - McMillan, J.H. y Schumacher, S. (2010). Investigación educativa (5ª ed.). Madrid: Pearson - Bisquerra Alzina, R. (2004). Metodología de la investigación educativa. Madrid: La Muralla - Carvajal Sánchez, J. (Coord.) (2012). Iniciación a la investigación. Colombia: INICIEN - Fernández C., Hernández, R. y Baptista P. (2006). Metodología en la investigación. México: McGraw Hill - Arana, F. (2014). Método experimental para principiantes. Madrid: Fondo de Cultura Económica
Complementary	- Kumar, R. (2014). Research methodology: A step-by-step guide for beginners. Nueva Delhi: APH Publishing Corporation - Kothary, C.R. (2006). Research methodology: Methods and techniques. Nueva Delhi: New Age International Publisher - Bryman, A. (2016). Social research methods. Nueva York: Oxford University Press.

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.